

A Comisión Executiva do Inorde, na sesión que tivo lugar o día 29 de decembro de 2020, aprobou a convocatoria do concurso público para concesión de subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondentes o exercicio 2021, conforme as seguintes bases:

Primeira.- Obxecto:

1. O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE) mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrência competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de promoción de produtos propios de Ourense realizadas por concellos da provincia de Ourense durante o ano 2021.

Para os efectos desta convocatoria, consideraranse accións de promoción todas aquelas accións que teñan por obxecto e finalidade a difusión e posta en valor de produtos propios da provincia de Ourense.

2. Considerarase produto propio da provincia calquera produto da actividade agrícola, gandeira, forestal e calquera outra relacionada co sector primario, mineira ou artesanal, que sexa característico da provincia de Ourense ou dalgunha das súas comarcas ou municipios e cuxa produción non poida ser obxecto de deslocalización.

A condición de produto característico presumirase en todos aqueles que estean amparados por unha denominación de orixe, así como naqueloutros nos que, carecendo do dito recoñecemento oficial, concorra a circunstancia dun uso público e continuado da localización xeográfica do seu lugar de produción ou dunha denominación específica vinculada á dita localización, como medio de identificación do produto no mercado.

Igualmente, consideraranse produtos propios da provincia as especialidades gastronómicas propias dunha comarca ou municipio, aínda que na súa elaboración se utilicen produtos procedentes doutros territorios.

3. Cada concello interesado presentará un único proxecto relativo a unha acción ou a un conxunto de accións promocionais dun ou varios produtos propios. Non se admitirá a presentación de máis dun proxecto, non admitíndose a trámite todas as solicitudes que infrinxan o establecido nesta base.

4. En todo caso, só poderán ser obxecto de subvención os proxectos cuxo orzamento sexa, como mínimo, de 6.000 euros. Non se admitirán a trámite as solicitudes referidas a proxectos de importe inferior.

Segunda.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Ourense.

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias:

O financiamento das subvencións reguladas na presente convocatoria realizarase con cargo á aplicación 42211/46200 dos orzamentos do INORDE para o exercicio 2021. A contía total máxima de subvencións susceptibles de concesión ao abeiro desta convocatoria é de 50.000 €.

Cuarta.- Contía máxima das subvencións:

A contía das subvencións obxecto desta convocatoria consistirá nunha porcentaxe do orzamento dos proxectos seleccionados, podendo acadar, como máximo, o 50% do custo total de cada proxecto para os concellos de máis de 5.000 habitantes e ata o 70% de cada proxecto para os concellos de menos de 5.000 habitantes.

Sen prexuízo do anterior, ningún beneficiario poderá obter, ao abeiro desta convocatoria, subvencións por importe superior a 12.000 €.

No suposto de beneficiarios que obtiveran subvencións para a mesma actividade ao abeiro do concurso convocado pola Deputación Provincial de Ourense para a concesión de subvencións para a organización de actividades culturais e recreativas do exercicio 2021, ou ao abeiro do concurso para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2021, a subvención obtida nos devanditos concursos terase en conta para a determinación do límite sinalado no parágrafo anterior, de tal xeito que, no conxunto dos tres concursos, non poderán obterse subvencións

por un importe global superior a 12.000 euros, nin, en todo caso, superiores ao importe total da actividade.

Se é o caso, o importe da subvención concedida ao abeiro desta convocatoria reducirase ata alcanzar os límites sinalados.

Quinta.- Solicitudes: lugar, prazo de presentación e documentación:

1. As solicitudes, subscritas polo representante legal da entidade interesada, irán dirixidas á Presidencia do INORDE, mediante a presentación no rexistro xeral desta entidade ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo, norma que se estima vixente ao abeiro do establecido na Disposición Final 7ª da Lei 30/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En todo caso, os concellos que desexen presentan de forma telemática as súas solicitudes poderán facelo a través do Rexistro Electrónico Xeral da Deputación Provincial de Ourense, na sede electrónica da Deputación (<https://sede.depourense.es/>) utilizando a opción de presentación de solicitudes de propósito xeral.

2. O prazo improrrogable de presentación rematará o día 26 de febreiro de 2021. Non se admitirá ningunha solicitude presentada nos rexistros sinalados no parágrafo anterior nunha data posterior.

3. As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

a) Documentación administrativa:

1.- Solicitude dirixida á Presidencia do INORDE no modelo oficial, recollido no Anexo I destas bases.

2.- Certificado do acordo de aprobación, polo correspondente órgano municipal, da solicitude de subvención para o proxecto que se presente.

3.- Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

4. Certificación expedida polo secretario do concello de que a entidade se topa ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

5.-Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións públicas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, segundo o modelo anexo III.

6.- Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

A presentación do documento sinalado no apartado 6 non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, o INORDE non efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da páxina web e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 7ª e 11ª, respectivamente.

b) Documentación para a valoración das solicitudes:

Presentarase un proxecto descritivo da acción ou accións promocionais para realizar, que conterà, polo menos, a seguinte información:

a) Memoria descritiva da acción ou accións promocionais, incluíndo os seguintes apartados:

a.1) Descrición das actividades que a integran e do produto ou produtos obxecto de promoción.

a.2) Obxectivos que se pretenden acadar coa organización da actividade

a.3) Prazo ou data de execución.

b) Orzamento individualizado e detallado en ingresos e gastos.

Advírtese expresamente que non serán obxecto de valoración, denegándose a concesión da subvención, aquelas solicitudes nas que non se acheguen a memoria descritiva

co contido definido no apartado a) e o orzamento do apartado b). Procederase de igual xeito nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos, padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a súa valoración ou conteñan datos ou previsións de difícil ou imposible realización.

Sexta.- Gastos subvencionables:

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, forman parte do desenvolvemento da actividade ou programa de actividades obxecto desta convocatoria.

En todo caso, non terán o carácter de gastos subvencionables os seguintes:

- a) Gastos de mantemento de locais
- b) Gastos de persoal municipal
- c) Investimentos consistentes na realización de calquera tipo de obras
- d) Gastos de adquisición de bens inventariables.
- e) Os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e os impostos persoais sobre a renda.
- f) Os xuros, recargas e sancións administrativas e xudiciais.
- g) Xuros debedores de contas bancarias.

Sétima.- Procedemento de concesión:

1.O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

Corresponderalle á Presidencia do INORDE, por delegación da Comisión Executiva (ao abeiro do establecido no artigo 12.2.l) dos Estatutos do INORDE, en relación co 11.f) dos ditos estatutos) ditar os actos de trámite e impulso do procedemento, a resolución do concurso, concedendo ou denegando as subvencións solicitadas, a tramitación e resolución do procedemento de xustificación das subvencións e o exercicio das facultades de reintegro e perda do dereito ao cobro das subvencións, dándolle conta á Comisión Executiva na primeira sesión que celebre.

2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránselle aos servizos administrativos do INORDE, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia do INORDE concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Para a achega desta documentación poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo V destas bases.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizárase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web <http://www.inorde.com>

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

3. Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, e instruído o expediente polos servizos administrativos do INORDE, estes emitirán informe con proposta de admisión e non admisión de solicitudes e remitiranlle o expediente á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta de resolución conforme coas regras seguintes:

- a) Con respecto aos proxectos para os que non se achegase de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.
- b) Con respecto ao resto de proxectos, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.

4. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante a páxina web <http://www.inorde.com>

No caso de non ter presentado a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerárase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 9ª.

Oitava.- Réxime de protección de datos achegados coa solicitude

1. O tratamento polo INORDE dos datos persoais do solicitante achegados coa solicitude fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 8 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoal e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixidas no presente prego necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións.

En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos ao INORDE determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico, cuxo representante legal é o seu Presidente, don Rosendo L. Fernández Fernández, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Progreso, nº 53,1º, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317930 e correo electrónico: inorde@inorde.com

b) O delegado de protección de datos, con domicilio a efectos de notificacións na rúa

Progreso, nº 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317500 e correo electrónico: DPO@depourense.es

c) Os datos subministrados coa solicitude se destinan unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións e á valoración da súa solicitude. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia e Bo Goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense. Publicaranse igualmente nos lugares indicados as actas da comisión de valoración, o anuncio de iniciación do trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos solicitantes. As publicacións referidas se manterán durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida a publicación de oficio polo INORDE ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento.

En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os solos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de adxudicación, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude á a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do regulamento UE 2016/679 e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados ao INORDE serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado do INORDE para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou aos seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- Á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense e aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos administrativos e xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos do INORDE de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia do INORDE o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de se-lo caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases.

Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previsto nas presentes bases

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia do INORDE.

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados ao INORDE neste procedemento.

i) En todo caso, o interesado poderá formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falla de subministración ao INORDE dos datos persoais requiridos , ao constituír un requisito legal para a selección de beneficiarios dará lugar a exclusión dos interesados.

l) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Novena.- Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o Presidente do INORDE.
- Vogais:
 - O vicepresidente primeiro do INORDE.
 - O secretario xeral do INORDE ou funcionario que legalmente o substitúa.
 - A interventora do INORDE ou funcionario que legalmente a substitúa.
 - Un técnico do INORDE, designado pola Presidencia.

Actuará como secretario da comisión o secretario xeral do INORDE, coas funcións propias dun secretario de actas, sen prexuízo da súa condición de vogal.

Sé é o caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia na materia obxecto da subvención que actuarán como asesores da comisión.

Decima.- Criterios para a concesión de subvencións:

1. Para a concesión das subvencións, así como para a fixación da súa contía, a comisión de valoración terá en conta unicamente o orzamento da actividade, valorándose ata un máximo de 50 puntos, asignándoselle a maior puntuación á actividade con maior orzamento, e valorándose o resto de xeito proporcional.

2. A Comisión de Valoración, en atención ao número de proxectos solicitados, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións. A dita puntuación mínima será, como máximo, de 20 puntos. Se é o caso, os proxectos que obteñan unha puntuación inferior á mínima establecida pola comisión incluíranse na lista de reserva prevista no parágrafo 4º da base 11ª.

3. Con independencia da súa valoración, en ningún caso se lle concederá a un proxecto unha subvención superior á da contía pedida na solicitude.

4. En todo caso, aplicarase a regra establecida no parágrafo terceiro da base 4ª, así como os límites de financiamento previstos no parágrafo 1º da dita base, para a asignación da contía das subvencións.

Undécima.- Resolución:

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Presidencia do INORDE para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será dun mes desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naquel suposto en que a Presidencia do INORDE considere que a proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. No caso de non o facer así, a Presidencia resolverá conforme coa proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida

O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen proxectos de actividades que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de Subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Presidencia, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

Décimo segunda.- Publicación do acordo de concesión:

A resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, na páxina <http://www.inorde.com>, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na páxina web <http://www.inorde.com>. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Décimo terceira.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario:

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para dar unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

Inclusión da imaxe institucional do INORDE ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade esta subvencionada polo INORDE, nos carteis e materiais impresos da súa actividade e, se é o caso, na páxina web da entidade subvencionada.

No caso de incumprimento desta obriga, o INORDE poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Non obstante, non se esixirá o cumprimento desta obriga no suposto de actividades xa totalmente realizadas con anterioridade á resolución desta convocatoria.

Décimo cuarta.- Xustificación e pago da subvención:

1. A subvención xustificárase mediante a presentación dos seguintes documentos:

A) Certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto ao proxecto/actuación subvencionado/a:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

B) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

C) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

2. A conta xustificativa presentarase conformada polo alcalde do concello beneficiario.

3. De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a execución do proxecto ou programa de actividades, a conta xustificativa presentada deberá acreditar a súa realización completa, independentemente de que o importe da subvención concedida sexa inferior ao orzamento total do proxecto ou programa. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

- a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade non subvencionable ao abeiro da presente convocatoria.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, deberá acreditarse a execución do proxecto polo importe mínimo de 6.000 euros. Nos supostos en que se xustifique a execución por un importe menor, procederá a perda do dereito á subvención na súa integridade.

4. De advertirse deficiencias de carácter emendable na conta xustificativa, a Presidencia do INORDE concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. O requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web <http://www.inorde.com>.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, por edicto no taboleiro de anuncios e na antedita páxina web.

5. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declarárase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días naturais contados desde a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

6. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia do INORDE.

7. Sen prexuízo do anterior (e adicionalmente ao control financeiro simplificado previsto no apartado 2, parágrafo 2º desta base) a Intervención do INORDE poderá esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

8. A xustificación deberá realizarse ante o INORDE antes do 31 de outubro de 2021. O dito prazo terá carácter improrrogable. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 31 de outubro. En ningún caso se poderán conceder prórrogas por un período superior a un mes e medio.

9. Como regra xeral, as subvencións seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais desde que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Non obstante o anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a pedimento dos concellos interesados. Estes pagos anticipados non esixirán a constitución de garantía por parte dos concellos, agás no caso de que estes teñan débedas líquidas e vencidas co INORDE que superen o 2 % dos recursos ordinarios do orzamento municipal, en cuxo caso admitiranse as seguintes:

- a) Aval de entidade de crédito
- b) Seguro de caución
- c) Fianza en metálico

10. Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas do gasto correspondente.

En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Décimo quinta.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei, así como ás obrigas de publicidade.

Décimo sexta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

Con carácter xeral, as subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Así mesmo, estas subvencións tamén serán compatibles coas subvencións concedidas pola Deputación de Ourense sempre que se trate de procedementos de concorrência competitiva e sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actuación subvencionada e dos límites previstos na base 4ª.

Décimo sétima.- Reintegro ou perda do dereito ao cobro das subvencións:

En caso de incumprimento do beneficiario por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro incluírá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que

teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, ditarase a resolución que corresponda pola Presidencia do INORDE.

Décimo oitava.- Normativa aplicable:

En todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico do sector público e do procedemento administrativo común das administracións pública.

Rosendo Luis Fernández Fernández
Presidente do INORDE

ANEXO I

**SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DE
 PRODUTOS OURENSÁNS 2021**

D/D. ^a		DNI/NIE	
REPRESENTANTE LEGAL DO CONCELLO		CIF	
ENDEREZO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MOBIL		
ENDEREZO ELECTRÓNICO			

E X P Ó N:

Que a entidade que represento cumpre os requisitos esixidos na convocatoria de subvencións do ano 2021 para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondentes ao exercicio 2021.
 Que asume todos os compromisos reflectidos na devandita convocatoria e acompaña a documentación esixida nesta.

SOLICITA SUBVENCIÓN PARA O SEGUINTE PROXECTO:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	
ORZAMENTO DO PROXECTO	€
CONTÍA SOLICITADA	€

Ourense, ____ de _____ de 2021

(Selo da entidade)

(Sinatura)

SR. PRESIDENTE DO INORDE.

ANEXO II
DECLARACIÓN

Don/a _____
con DNI _____, en representación da entidade
_____ con
CIF _____.

DECLARO:

- Que non me atopo incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade aos que se refire o artigo 13.2 d) da Lei xeral de subvencións.
- Que a entidade ou organismo ao que represento non se atopa incurso/o en ningunha das prohibicións de obtención de subvencións da Deputación Provincial de Ourense ás que se refire o artigo 13 da Lei xeral de subvencións.
- Que a entidade ou organismo ao que represento está ao día nas súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica e coa Seguridade Social.

E para que conste, para os efectos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, asino esta declaración en Ourense, o _____ de _____ do 2021

Asdo.: _____

ANEXO III

DECLARACIÓN

D/D^a. _____ en
 representación da entidade _____ con
 CIF _____ **DECLARA** que presentou a/s solicitude/s e lle foi/foron concedida/s,
 se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para os mesmos fins:

Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	Concesión (1)	Contía

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase pendente na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada.

☐ Non ter solicitado nin, en consecuencia, terlle sido concedida ningunha axuda para o mesmo fin, sexan públicas ou privadas.

Ourense, _____, de _____ de 2021

Asdo.: _____

ANEXO IV
AUTORIZACIÓN

D./D.^a _____, titular do DNI/NIE n.º _____

AUTORIZO

Ó INORDE a facerme as comunicacións para recibir, a través do correo electrónico e/ou sms, indicados na solicitude, a comunicación do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do anuncio do trámite de audiencia, da publicación do acordo de resolución do concurso, e de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención outorgada no concurso para a concesión de subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondentes ao exercicio 2021.

Ourense _____ de _____ de 2021.

Asdo.: _____

ANEXO V

D./D^a. _____ con DNI _____,
en representación de _____, con
CIF _____, achégolle a documentación solicitada para unir ao expediente
de solicitude de subvención para a realización de accións de promoción de produtos
ourensáns correspondentes ao exercicio 2021.

Ourense, ____ de ____ de 2021

Asdo.: _____

(Nome e apelidos)